

<b>FORMACIÓN E DIVULGACIÓN</b>	
<b>CONSELLERÍA OU DEPARTAMENTO</b>	Economía, Emprego e Industria
<b>ÓRGANO XESTOR</b>	Axencia Galega da Industria Forestal
<b>TIPO DE APOIO</b>	Axuda a fondo perdido
<b>TEMPORALIDADE</b>	Convocatoria anual
<b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b>	IN501A
<b>Publicación DOG</b>	03/08/2018
<b>URL da convocatoria no DOG</b>	<a href="https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180803/AnuncioG0520-260718-0002_gl.pdf">https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180803/AnuncioG0520-260718-0002_gl.pdf</a>
<b>DENOMINACIÓN</b>	<i>Resolución do 16 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2018, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para a organización de accións formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento, a competitividade e a innovación da industria forestal de Galicia</i>
<b>OBXECTO</b>	<p>Axudas para a organización de accións formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento e destaquen a importancia estratéxica da industria forestal, a competitividade, o deseño e innovación e o desenvolvemento sostible, en concordancia coa Estratexia de Formación da Industria Forestal.</p> <p>Estas axudas teñen como obxectivo estratéxico contribuir a unha concienciación colectiva baseada na percepción da industria forestal como unha industria estratéxica, innovadora, moderna e reconciliada co medio ambiente, favorecendo a participación dos axentes clave na divulgación da utilidade da madeira.</p>
<b>ORZAMENTO CONVOCATORIA 2018</b>	300.000 euros
<b>TIPO E INTENSIDADE DA AXUDA</b>	Convocatoria en réxime de concorrencia competitiva
	Fondos propios
	Subvención 80% dos gastos elixibles para as actividades formativas non regradas e do 100% para as actividades de divulgación
	Axuda máxima por proxecto: 50.000 euros
<b>DESTINATARIOS</b>	<p>a) Asociacións sen ánimo de lucro representativas da industria forestal,</p> <p>b) Agrupacións Empresariais Innovadoras (AEI) e</p> <p>c) Colexios profesionais cando as accións subvencionables se correspondan co seu obxecto e fins sociais, a teor do disposto nos seus estatutos.</p> <p>Poderanse presentar solicitudes conxuntas.</p>
<b>PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES</b>	Ata o 03/09/2018

<b>PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES</b>	Sede.xunta.gal
<b>PROXECTOS SUBVENCIONABLES</b>	<p>Proxectos que integren accións de carácter formativo non regrado e divulgativo que promovan a industria forestal de Galicia como unha industria estratéxica e de futuro. Subvencionaranse actividades que contribúan a fomentar o coñecemento e divulgación da industria forestal:</p> <p>a) Formación específica non regrada:</p> <p>1º Habilidades e coñecementos na xestión de aproveitamentos madeireiros, tratamentos silvícolas e na utilización de maquinaria forestal.</p> <p>2º Habilidades no manexo de maquinaria de primeira transformación, así como do coñecemento dos procesos industriais de aserrado, secado, clasificación da madeira e tratamentos preventivos e curativos da madeira que contribúan á súa valorización comercial.</p> <p>3º Habilidades no manexo de maquinaria de segunda transformación, control numérico CNC, así como no desenvolvemento de proxectos de instalación e amoblamento.</p> <p>4º Incorporación do deseño como ferramenta de innovación e diferenciación nos produtos de madeira ao longo de toda a cadea de valor e, en particular, na carpintería e o moble.</p> <p>5º Deseño e cálculo de estruturas de madeira, mecanizado e instalación, montaxe, así como reparación na rehabilitación de edificios con estrutura de madeira.</p> <p>6º Competencias profesionais para a caracterización da madeira utilizada en construción (elementos estruturais, revestimentos de solos e paramentos, portas e ventás, etc).</p> <p>b) Formación non regrada de carácter transversal:</p> <p>1º Seguridade e saúde nos procesos da cadea forestal que incorpore as novidades tecnolóxicas da industria e que permita a reciclaxe neste eido.</p> <p>2º Competencias para o manexo de software e TICs no ámbito da industria forestal.</p> <p>3º Habilidades directivas</p> <p>c) Actos de sensibilización e divulgación:</p> <p>1º Difusión dos novos usos da madeira na construción así como dos novos materiais derivados da madeira.</p> <p>2º Vantaxes ambientais do uso da madeira e da súa contribución á sustentabilidade e a economía circular, así como das ferramentas que facilitan a súa cuantificación e comunicación: análise de ciclo de vida, ecodeseño, etiquetados ambientais, etc.</p> <p>3º Necesidade de certificación (FSC e PEFC) da xestión forestal e implantación da cadea de custodia, así como métodos de monitorización da orixe e destino da madeira.</p> <p>4º Nova demanda de produtos madeireiros: valorización e aproveitamento da biomasa para a produción de enerxía.</p>

<p><b>GASTOS SUBVENCIONABLES</b></p>	<p>a) No caso de actividades formativas non regradas, serán subvencionables os gastos correspondentes ás accións en que se acredite a asistencia mínima de 10 alumnos, xustificada na forma establecida nesta resolución e sempre que polo menos o 70% do alumnado acredite unha asistencia mínima do 80% da duración da actividade.</p> <p>b) No caso de actividades divulgativas:</p> <p>Xornadas: serán subvencionables os gastos correspondentes ás xornadas en que se acredite a asistencia mínima de 25 persoas.</p> <p>c) En ambos casos, a) e b), así como no resto de actividades de divulgación, serán subvencionables os custos directos asociados á realización da actividade. Considéranse custos directos os seguintes:</p> <p>1º Recursos humanos:</p> <p>i) Gastos de persoal propio, cun límite máximo do 50% das súas retribucións. Só se poderá imputar persoal propio para as actividades formativas non regradas.</p> <p>ii) Custos de contratación de relatores (excluídos desprazamentos, aloxamentos e manutención).</p> <p>2º Gastos correspondentes á elaboración de documentación e materiais didácticos, así como edición de relatorios ou publicacións.</p> <p>3º Os gastos de alugamento de edificios, locais e medios audiovisuais utilizados na realización das actividades.</p> <p>4º Gastos de publicidade para a organización e difusión das accións subvencionables.</p>
<p><b>MÁIS INFORMACIÓN</b></p>	<p><a href="http://Xera.gal">Xera.gal</a>  <a href="mailto:Xera.ceei@xunta.gal">Xera.ceei@xunta.gal</a>  881-995476</p>